



CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA, O COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO E MAIS A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO CENTRO INTEGRAL DE ANÁLISE E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CIARCUS), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN NO ÁMBITO PENAL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA EN 2021.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REÚNENSE:

D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

D. Francisco José Rabuñal Mosquera, decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, actuando en representación deste, segundo o disposto no artigo 64 dos seus estatutos.

D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que actúa en nome e representación da Universidade, segundo o establecido no artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e mais no Decreto 57/2018, do 31 de maio, do seu nomeamento, así como no artigo 85.g) do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN:

Primeiro. As institucións participantes neste convenio teñen interese común na promoción e desenvolvemento da mediación como vía complementaria de solución de conflitos que pon ao alcance das partes implicadas novas ferramentas que lles permitan lograr solucións satisfactorias ás súas pretensións.





Segundo. A mediación penal consiste na participación voluntaria do encausado por un delito e mais da vítima –ou persoa prexudicada– nun proceso de diálogo e comunicación conducido por un mediador imparcial, co obxecto fundamental de conseguir a reparación adecuada ao dano causado e a solución do conflito, dende una perspectiva xusta e equilibrada para os intereses das partes.

Terceiro. A mediación no ámbito do proceso penal é unha realidade e unha necesidade na sociedade en que vivimos, e ante situacións de grave quebrantamento das normas de convivencia presenta indubidables singularidades que complementan eficazmente o propio sistema de xustiza penal: desde o importante papel que as vítimas desenvolven na denuncia e coñecemento dos delitos ata a súa importancia no terreo da prevención, etc.

Cuarto. O fundamento da mediación penal descansa na aplicación da normativa penal con fins de política criminal restaurativa:

- A mediación toma en consideración as causas reais do conflito e as consecuencias deste, buscando a fórmula máis idónea para satisfacer as necesidades persoais de vítima e infractor.
- Responsabiliza o infractor acerca das consecuencias do seu ilícito, ao tempo que diminúe a severidade da resposta penal mediante a apreciación de circunstancias que a atenuan, e procúralle medios para a normalización da súa vida.
- Asegura unha efectiva protección da vítima mediante a reparación ou diminución do dano causado polo delito. Se non existe vítima, a reparación pode ter un carácter simbólico ante a comunidade social ou organismo que a represente.
- Restablece a vixencia da norma e o diálogo comunitario, devolve o protagonismo á sociedade civil reconstruíndo a paz social quebrada polo delito e minimiza o rigor do sistema penal.

Quinto. O marco xurídico actual da mediación penal ten o seu sustento na Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, cuxo artigo 12 recolle o “Dereito a garantías no contexto dos servizos de xustiza reparadora”.

En lóxica coa directiva, o lexislador aprobou a Lei 4/2015, do 27 de abril, pola que se aproba o Estatuto da vítima do delito, na que se efectúa unha decidida aposta polo impulso da mediación no ámbito penal.





Con todo, o certo é que mesmo sen ter en conta a entrada en vigor da referida lei, o encaixe da mediación no proceso penal de adultos pódese localizar tanto nas diversas posibilidades derivadas do instituto da conformidade coma en disposicións como a apreciación da atenuante de reparación do dano do artigo 21.5 do Código penal (de aquí en diante, CP) no grao que se estableza atendidos o desenvolvemento do proceso e demais circunstancias concorrentes, determinándose a pena a impoñer consonte as regras xerais establecidas no artigo 66 do CP.

Sexto. As partes asinantes consideran esencial a colaboración na realización de accións tendentes a un mellor coñecemento da mediación como instrumento para a resolución de conflitos e á súa incorporación ao ámbito do proceso penal na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétimo. En data 27 de abril de 2017 o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia asinaron un Convenio Marco de Colaboración para o impulso da mediación e doutras formas pacíficas de resolución de conflitos como fórmula alternativa e/ou complementaria ao proceso xudicial, apostando por un modelo de administración de xustiza que incorpore plenamente a mediación, ou calquera outro sistema de resolución pacífica de conflitos, como alternativa ou complemento ao proceso xudicial, co fin de procurar unha xestión mais eficaz, rápida e satisfactoria do mesmo e de garantir o acceso á xustiza, entendido como un dereito fundamental.

O citado Convenio Marco establece a creación de mecanismos de comunicación entre ambas as institucións que permitan un intercambio fluído de información e faciliten un axeitado coñecemento dos recursos dos que dispón cada parte e do seu funcionamento, axilizando ademais a súa xestión, coa finalidade de mellorar o aproveitamento tanto dos servizos xudiciais coma dos de mediación e restantes instrumentos de resolución pacífica de conflitos, contribuíndo a unha maior difusión e sensibilización social.

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, o





Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e mais a Universidade de Santiago de Compostela, a través do CIARCUS, para o desenvolvemento do programa experimental de mediación no ámbito penal en Santiago de Compostela en 2021.

Este proxecto de implementación da mediación intraxudicial nos xulgados de instrución e do penal de Santiago de Compostela persegue o seguinte:

- Intervir en conflitos xudiciais a través da mediación penal e da xustiza restaurativa como instrumento de resolución pacífica dos mesmos.
- Xerar un espazo para a comunicación entre os cidadáns, pois coa mediación penal poden abordarse as controversias que en ocasións subxacen tras os feitos delituosos.
- Posibilitar que a vítima se sinta protagonista tanto do propio procedemento penal coma do xeito de o resolver.
- Darlle unha resposta reparadora e reintegradora á situación que se creou como consecuencia do feito delituoso.
- Establecer mecanismos de colaboración cos operadores xurídicos, nomeadamente coa Fiscalía e mais cos xulgados.

Segunda. *Compromisos asumidos polas partes.*

- *Correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:*

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo comprométese a lle aboar, con carácter trimestral, ao Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e á USC os gastos que deriven da execución deste programa de mediación no ámbito penal, coas seguintes tarifas:

- Aboarase ata 30 € cada hora dos mediadores, ata un máximo de 180 € por mediación realizada para cada un dos mediadores intervinientes, o que supón un máximo de 360 € por mediación realizada. No caso de que a mediación derivada polo órgano xudicial non se puidese iniciar (porque non fose aceptada por algunha das partes, porque non foi posible a súa localización, etc) aboarase unicamente 45 € como compensación. A estas cantidades engadiráselle o IVE que sexa de aplicación en cada caso.





- Para estes efectos, xunto coa documentación que a USC e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela acheguen para a xustificación da execución do convenio, presentarán tamén un informe detallado onde se recollan todas as mediacións realizadas, especificando o órgano xudicial, o procedemento, o nome do mediador ou mediadores que interviñeron na mediación, os beneficiarios e o número de horas de traballo que se xustifican (ata un máximo de seis horas por mediación).
- A USC e o Colexio de Avogados de Santiago poderán xustificar como gastos xerais para a execución do convenio (gastos de divulgación, material funxible e consumibles, equipamento para o equipo de mediadores e outros gastos de análoga natureza), con cargo á execución do convenio, ata un máximo do 10% do xustificado de acordo cos apartados anteriores, coas limitacións máximas de gastos establecidas no convenio.

O investimento máximo a que se refire o presente convenio fíxase en VINTECINCO MIL EUROS (25.000,00 euros) para o ano 2021, con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

- 12.500,00 € con cargo á aplicación 05.22.131A.444.0, para o aboamento á USC.
- 12.500,00 € con cargo á aplicación 05.22.131A.481.0, para o aboamento ao Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo fará o pagamento á USC e ao Colexios de Avogados de Santiago de Compostela unha vez que presenten a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e mais do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para o mesmo proxecto ás administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, así como aos entes privados.
- Declaración responsable de se achar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.





- Calquera outra documentación ou material que a USC e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela consideren necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O prazo límite para presentar a devandita documentación xustificativa fíxase no 30 de novembro de 2021.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización parcial do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación considerarase incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, á perda do dereito ao cobro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustifico.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable suporá a perda do dereito ao cobro.

- Correspóndelle á USC, a través do CIARCUS, e ao Colexio de Avogados de Santiago de Compostela:

A USC, a través do CIARCUS, e mais o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela comprométense ao desenvolvemento do programa experimental de mediación para o ámbito penal nos xulgados de instrución e do penal de Santiago de Compostela, de acordo coas indicacións dispostas no presente convenio.

A USC, a través do CIARCUS, e mais o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela comprométense a:





1. Realizar as actividades previstas no proxecto que se recolle neste convenio. A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices e ordes da USC e mais do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, respectivamente. Dito persoal non terá relación laboral coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
2. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.
3. Poñer á disposición da autoridade xudicial, cando así sexa solicitado por esta, información relativa aos posibles destinatarios do uso.
4. Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
5. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
7. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
8. Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

Terceira. *Ámbito.*

O principio xeral consiste en permitir a mediación en todos os delitos en que existan dúas partes identificables: unha vítima e unha persoa acusada. Aquela ten dereito a recibir unha explicación, a atoparse nun espazo de seguridade co acusado e a dialogar con el; en suma, a satisfacer as súas necesidades relacionadas co dano sufrido. Xa que logo, ningún delito pode quedar descartado aprioristicamente da mediación, senón que haberá que atender ás circunstancias concretas en cada caso e, sobre todo, á disposición emocional das partes para poder someterse á mediación.





Por conseguinte, non pode descartarse de plano a mediación nin tan sequera naqueles supostos que teñen xerado unha particular reflexión, tales como: a mediación en delitos de risco ou de perigo abstracto, a mediación cando o prexudicado/vítima é unha persoa xurídica, a mediación nos supostos en que sexan varios os acusados e só algún deles queira someterse ao proceso de mediación, e a mediación se a vítima é menor de idade ou incapaz.

En todo caso, e de conformidade co artigo 15.1 da Lei 4/2015, do 27 de abril, pola que se aproba o Estatuto da vítima do delito, as vítimas poderán acceder á mediación cando: “d) O procedemento de mediación non entrañe un risco para a seguridade da vítima, nin exista o perigo de que o seu desenvolvemento poida causar novos prexuízos materiais ou morais para a vítima; e e) Non estea prohibida pola lei para o delito cometido”.

Cuarta. Procedemento.

A) MEDIACIÓN PENAL NA FASE DE INSTRUCCIÓN:

1. Derivación do caso

a) No trámite de dilixencias previas

Unha vez incoadas as dilixencias previas dos artigos 774 e seguintes da Lei de axuízamento criminal (en adiante LACrim) polo xulgado de instrución, o xuíz, con acordo do Ministerio Fiscal, poderá resolver someter o proceso á mediación penal, en cuxo caso, na primeira declaración da persoa encausada en calidade de tal, esta será informada de forma sucinta polo letrado da Administración de xustiza da referida posibilidade.

Para estes efectos, en canto conste a designación de letrado para a persoa encausada, informaráselle igualmente da posibilidade da mediación, para o cal, naqueles casos en que se estime necesario, a persoa encausada poderá entrevistarse de forma reservada co seu letrado co fin de que lle informe do proceso a seguir e das consecuencias da mediación.

En calquera momento da tramitación das dilixencias previas, o xuíz, de oficio ou por solicitude do Ministerio Público, da vítima, da persoa encausada ou da súa representación legal, poderá resolver someter o procedemento á mediación. Na motivación da decisión deberán facerse constar todas aquelas circunstancias con relevancia procesual, e especificamente o prazo que se concede para o desenvolvemento da mediación, que será dun mes desde a sinatura do consentimento informado. Non obstante, o xuíz poderá, por petición do equipo de





mediación, ampliar o prazo cando existan serias posibilidades de chegar a un acordo e para o efecto sexa necesaria a súa ampliación. Se a persoa encausada e o seu letrado expresan unha boa disposición inicial cara á mediación, porase en coñecemento do equipo de mediación para o inicio do proceso.

O xulgado notificará a providencia –ou auto– á persoa acusada e mais á vítima, na que se indicarán as razóns que avalan a decisión da derivación cara á mediación e que os profesionais encargados de realizala se porán en contacto con eles.

Con posterioridade, remitirase unha carta á vítima explicándolle con termos sinxelos por que ese asunto foi elixido para participar no proceso de mediación e invitándoa a formar parte del. Nesa carta establecerase unha data citándoa á sesión informativa.

No contacto con ambas as partes, o equipo de mediación exporá con claridade o seu funcionamento. Ante a súa resposta realizarase unha sesión inicial, individual con cada unha delas, para que manifesten a súa conformidade a participar, para cuxos efectos será asinado un documento de consentimento informado.

Se a vítima é menor de idade, necesariamente terá que acudir acompañada do seu representante legal. En caso de desigualdade de criterio entre o menor e o seu representante legal, prevalecerá a decisión do menor.

O prazo de contestación definitiva sobre a vontade de participar na mediación será de sete días desde a sinalada sesión, sen prexuízo de que, en atención ás circunstancias do caso, ao número de vítimas ou persoas encausadas implicadas ou á complexidade do asunto, sexa preciso dilatar o referido prazo.

Se, estando conforme o infractor, a vítima non accede a mediar ou non se chega a acordo na mediación, o equipo de mediación poderá documentar a actividade desenvolta por aquel (vontade de reparación, actividades efectivamente realizadas con vistas a reparar o dano causado) para os efectos penolóxicos que correspondan, sen que isto supoña en ningún caso menoscabo do seu dereito de defensa. No caso de que ambas as partes presten o seu consentimento informado para a mediación, o xulgado, sen prexuízo das dilixencias de investigación que deba facer e ás que está obrigado por lei, permitirá que se poida realizar o procedemento de mediación con anterioridade ao auto de procedemento abreviado (art. 780 da LACrim) ou de transformación en xuízo por delitos leves (art. 779 da LACrim), co fin de que o





plan de reparación acadado polas partes poida ser tomado en consideración polo Ministerio Fiscal no seu escrito de conclusións provisionais.

b) No xuízo por delitos leves

Se o xulgado incoase xuízo por delitos leves ou ditase un auto de transformación en xuízo por delitos leves, á vista da natureza dos feitos, corresponderalle ao xuíz, con acordo do Ministerio Público, someter a cuestión ao procedemento de mediación, sen prexuízo do dereito das partes a solicitalo por si ou por medio do seu letrado. Se a persoa denunciada e, se for o caso, o seu letrado amosaren a súa boa disposición inicial á mediación, procederase de forma semellante ao trámite de dilixencias previas, debendo o letrado da Administración de xustiza poñer en coñecemento do equipo de mediación o inicio do proceso.

No contacto con ambas as partes, o equipo de mediación exporá con claridade o seu funcionamento. Ante a súa resposta realizarase unha sesión inicial, individual con cada unha delas, para que manifesten a súa conformidade a participar, para cuxos efectos será asinado un documento de consentimento informado.

Se a vítima é menor de idade, necesariamente terá que acudir acompañada do seu representante legal. En caso de desigualdade de criterio entre o menor e o seu representante legal, prevalecerá a decisión do menor.

O prazo de contestación definitiva sobre a vontade de participar na mediación será de sete días desde a sinalada sesión, sen prexuízo de que, en atención ás circunstancias do caso, ao número de vítimas ou persoas encausadas implicadas ou á complexidade do asunto, sexa preciso dilatar o referido prazo.

Se, estando conforme o infractor, a vítima non accede a mediar ou non se chega a acordo na mediación, o equipo de mediación poderá documentar a actividade desenvolta pola parte acusada (vontade de reparación, actividades efectivamente realizadas con vistas a reparar o dano causado) para os efectos penolóxicos que correspondan. En ningún caso poderá supor un menoscabo do dereito de defensa.

2. Continuación do proceso tras a celebración da mediación

En ambos os tipos de procedemento, tras a mediación, e se as partes acadan unha decisión común baseada na súa convicción e interese, redactarase un documento no que se explicita o





acordo e que levará implícito un plan de reparación. No caso de que se conclúa sen acordo, o equipo de mediación informará desta circunstancia ao xulgado, respectando a confidencialidade do tratado. A este respecto, de conformidade co artigo 15.2 da sinalada Lei 4/2015, cómpre ter en conta que “os debates desenvolvidos dentro do procedemento de mediación serán confidenciais e non poderán ser difundidos sen o consentimento de ambas as partes. Os mediadores e outros profesionais que participen no procedemento de mediación estarán suxeitos a segredo profesional con relación aos feitos e manifestacións de que tivesen coñecemento no exercicio da súa función”.

A acta de reparación será asinada polas partes e polos representantes legais, se os houber, e entregaráselles unha copia a cada unha delas, ao Ministerio Fiscal e mais ao xulgado de instrución.

a) No trámite de dilixencias previas

Remitada a acta de acordo, e se xa rematou a práctica de dilixencias informativas necesarias, o xulgado de instrución ditará un auto de procedemento abreviado, con traslado ás partes para que procedan conforme o artigo 780 da LACrim. No caso de formular escrito de acusación, e co fin de valorar penoloxicamente o acordo acadado, poderán propor o Ministerio Público, o letrado da defensa e mais o letrado da acusación particular, se é o caso, que se proceda de acordo co disposto no artigo 784.3 da LACrim, ben amosando a defensa a súa conformidade co escrito de cualificación do Ministerio Fiscal, ben redactando un novo escrito conxunto de cualificación no que se recollan os termos do acordo acadado e as variacións que procedan na cualificación e valoración penolóxica dos feitos.

De non existir acordo entre as partes, abrírase xuízo oral e enviaranse os autos ao xulgado do penal para o axuízamento que corresponda. En caso de acordo e conformidade, daráselle traslado dos escritos de cualificación de conformidade ao xulgado do penal competente, de acordo co disposto no artigo 787 da LACrim. Todo isto sen prexuízo de que a conformidade se poida acadar no mesmo acto do xuízo oral, con carácter previo á práctica da proba. O xuíz, se é o caso, velará pola idoneidade da valoración xurídica que tanto o fiscal coma o avogado defensor outorguen aos acordos, e ditará, de ser o caso, sentenza de conformidade.

b) No xuízo por delitos leves

Finalizada a mediación, o xulgado de instrución sinalará data para o acto de xuízo.





De non existir acordo entre as partes, procederase do modo apuntado *supra*. En todo caso, cabe a non comparecencia voluntaria ou a celebración.

3. Condicións para a execución do plan de reparación

A reparación poderase levar a cabo na forma que as partes acordaran no plan de reparación, que o xuíz poderá incluír como contido da responsabilidade civil derivada do delito (art. 110 do CP) ou como deber do artigo 83 do CP no caso de que se adopte a suspensión da execución da condena. Queda á dispoñibilidade das partes considerar reparado o dano co simple desenvolvemento do encontro dialogado, restitución, reparación do dano, indemnización, petición de perdón, recoñecemento de feitos ou outras formas semellantes.

En todos os procedementos por delito, a reparación do dano deberá concluírse con carácter previo á formulación do escrito de conclusións provisionais.

Nos xuízos por delitos leves, a reparación do dano deberá ser previa á celebración do xuízo, sen prexuízo dos acordos que se poidan acadar noutro sentido e que non supoñan conculcación de dereitos.

B) MEDIACIÓN PENAL NA FASE DE AXUIZAMENTO:

1. Derivación do caso

Cando, consonte o artigo 785 da LACrim, as actuacións se encontren ao dispor do órgano competente para o axuízamento, unha vez que sexan examinadas, o xuíz ou o tribunal, ben por iniciativa do Ministerio Fiscal ou de calquera das partes constituídas, ben de oficio, valorará a conveniencia de someter o proceso á mediación na fase de axuízamento, con acordo do Ministerio Público, e en caso positivo o letrado da Administración de xustiza realizará unha chamada ao avogado defensor para lle informar de que o seu caso foi seleccionado para un procedemento de mediación. Se o Ministerio Público se opón, a causa seguirá o proceso ordinario para o sinalamento do xuízo oral.

O preceptivo labor de información e subscrición dos consentimentos informados efectuarase segundo o procedemento *supra* indicado.

Se, estando conforme o infractor, a vítima non accede a mediar ou non se chega a acordo na mediación, o equipo de mediación poderá documentar a actividade desenvolta pola parte





acusada (vontade de reparación, actividades efectivamente realizadas con vistas a reparar o dano causado) para os efectos penolóxicos que correspondan. En ningún caso poderá supor un menoscabo do dereito de defensa.

Se a vítima é menor de idade, necesariamente ten que acudir acompañada do seu representante legal. En caso de desigualdade de criterio entre o menor e o seu representante legal, prevalecerá a decisión da persoa menor de idade (art. 2 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor).

2. Continuación do proceso tras a celebración da mediación

Despois do encontro dialogado, e se as partes acadan un acordo, procederase do xeito anteriormente indicado. No caso de que se conclúa sen acordo, o equipo de mediación informará desta circunstancia ao xulgado ou ao tribunal, pero respectando a confidencialidade do tratado.

A acta de reparación será asinada polas partes e polos representantes legais, se os houber, e entregaráselle unha copia a cada unha delas, ao Ministerio Fiscal e mais ao órgano xurisdiccional.

O órgano xurisdiccional procederá a ditar un auto de admisión de probas e sinalamento do xuízo oral, citando as partes.

Se o procedemento de mediación non chega a un acordo, o mediador participante elaborará un documento que remitirá ao órgano xurisdiccional, quen pola súa vez ditará unha providencia que se notificará a todas as partes para poñelas en coñecemento de que se segue a causa polos condutos ordinarios de sinalamento do xuízo oral.

De se chegar a acordo, o xuízo ou tribunal citará as partes e darase inicio co trámite de conformidade, no que se poderá modificar o escrito de cualificación, para incorporar os acordos acadados no proceso de mediación (art. 787 da LACrim). En caso de que calquera das partes manifeste na comparecencia a súa oposición ao acordo acadado, procederase á celebración do xuízo mediante a práctica de proba. O xuízo ou o tribunal, se é caso, velarán pola idoneidade da valoración xurídica que tanto o Ministerio Fiscal coma o avogado defensor outorguen aos acordos, e ditarán sentenza de conformidade cando proceda.

3. Condicións para a execución do plan de reparación





A reparación poderase levar a cabo na forma acordada no plan de reparación, que o xuíz ou o tribunal poderán incluír como contido da responsabilidade civil derivada do delito –art. 110 do CP– ou como deber do artigo 83 do CP no caso de que se adopte a suspensión da execución da condena.

A execución material da reparación deberá, polo menos, iniciarse con anterioridade ao acto do xuízo oral. A reparación pode entenderse suficiente, se así o acordan as partes, co desenvolvemento do contido do encontro dialogado: restitución, reparación, indemnización, petición de perdón, recoñecemento de feitos e outras circunstancias que a práctica desta experiencia vaia dando e que sexan consideradas como idóneas polo xuíz ou o tribunal, o Ministerio Fiscal e o avogado defensor.

Nos xuízos por delitos leves, procederase tal e como se indicaba *supra*.

Quinta. Principios básicos da mediación.

Son principios básicos da mediación os seguintes:

1. Voluntariedade e libre disposición.
2. Igualdade das partes e imparcialidade dos mediadores.
3. Neutralidade.
4. Confidencialidade.

Sexta. Incompatibilidades.

Os motivos de incompatibilidade que obrigarán a calquera dos membros do persoal do equipo de mediación a renunciar á realización desta son os seguintes:

- a) Ter vínculo de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao con algunha das partes intervinientes na mediación, ou cos seus asesores, representantes legais ou mandatarios, así como compartir o despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- b) Ter intervido profesionalmente con anterioridade no asunto obxecto de mediación.





c) Ter interese directo, de calquera tipo, no asunto obxecto da súa actuación, ou unha manifesta vinculación –directa ou indirecta– económica, profesional, laboral ou doutro tipo que poida comprometer a súa independencia profesional.

d) Calquera outro suposto establecido legal ou regulamentariamente.

Sétima. Gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data límite de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

O financiamento por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo das actuacións obxecto do presente convenio será incompatible con outras axudas establecidas por outra Administración pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional, para a mesma finalidade, de acordo co artigo 17.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 40.1.d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados pola USC ou polo Colexio de Avogados de Santiago á actividade subvencionada e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, e con data de xustificación comprendida entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 30 de novembro de 2021.

Oitava. Designación dos mediadores.

Os profesionais que interveñan na mediación serán dous por caso mediable, designados de cada vez polo CIARCUS e polo Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, de xeito tal que nos nomeamentos que efectúen os xulgados irase rotando entre o CIARCUS e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela sistematicamente de forma alternativa.

Tanto o CIARCUS coma o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela serán os encargados de seleccionar os seus mediadores en cada caso mediable.





Novena. Control.

A USC e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela someteranse ás actuacións de comprobación que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo lles poida requirir para a debida xustificación dos fins deste convenio, así como tamén ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da comunidade autónoma en relación cos pagamentos realizados.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá solicitar en calquera momento os documentos que coide oportunos para a debida xustificación do gasto.

En todo caso, e unicamente para efectos estatísticos, a USC e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela informarán trimestralmente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo sobre os procedementos de mediación realizados polo equipo de mediación constituído, comunicando o número de mediacións realizadas, o xulgado de procedencia e a duración de cada unha delas, así como o resultado final dos procedementos.

A USC e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela remitiranlle á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo unha memoria anual.

Décima. Compromisos dos profesionais que realicen a mediación.

Os profesionais que realicen a mediación comprométense a:

- a) Realizar os cursos e seminarios de formación que para este efecto sexan convocados polo CIARCUS respecto aos seus rexistrados e rexistradas, así como os convocados polo Colexio de Avogados de Santiago de Compostela respecto aos seus colexiados e colexiadas.
- b) Aceptar as encargas de mediación entre as partes, a non ser que incorran nalgún dos supostos de incompatibilidade recolleitos.
- c) Cumprir os prazos establecidos en relación coa duración máxima do procedemento de mediación.
- d) Respetar as disposicións existentes en materia de incompatibilidade.
- e) Garantir a debida confidencialidade e segredo na súa actuación como mediadores.





f) Enviar con carácter semestral as fichas de datos solicitados polo CXPX.

Os equipos de mediación compóñense de profesionais mediadores que cumprirán os requisitos ou estarán inscritos no Rexistro do Ministerio de Xustiza regulado polo Real decreto 980/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

Décimo primeira. *Confidencialidade da información e dos resultados.*

O CIARCUS, o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e os integrantes dos equipos de mediación comprométense a garantir a total confidencialidade dos datos persoais a que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas.

Non obstante, os partícipes no proceso mediador procederán á cubrición voluntaria dunha enquisa sobre o grao de satisfacción do servizo de mediación.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais





e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo segunda. Comisión de seguimento do convenio.

Segundo o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase a comisión de seguimento do convenio, á que lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha do mesmo, sen prexuízo de que no seu seo se poida tratar de calquera outro asunto vinculado co seu obxecto e relacionado coa mediación e a Administración de xustiza.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente convenio serán resoltas de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión.

Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- O titular da Dirección Xeral de Xustiza, ou persoa en quen delegue.
- O decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, ou persoa en quen delegue.
- A vicerreitora de Investigación e Innovación, ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, a persoa que exerza a xefatura do Servizo de Coordinación Técnico-Administrativa da Dirección Xeral de Xustiza.

A comisión reunirse de xeito ordinario cada tres meses co obxecto de garantir a calidade do servizo, corrixir disfuncionalidades e analizar a experiencia; e con carácter extraordinario cando sexa necesario, tras pedimento de calquera das partes. Para tales efectos a comisión poderá requirir a presenza do equipo mediador.





Décimo terceira. *Vixencia do convenio.*

A vixencia do presente convenio será a comprendida entre a súa sinatura e o 31 de decembro de 2021; non obstante, tamén abranguerá as accións obxecto do seu contido realizadas desde xaneiro de 2021.

O convenio poderase prorrogar, mediante acordo expreso, por períodos anuais, ata un máximo de catro anualidades.

Décimo cuarta. *Natureza xurídica.*

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerese, así mesmo, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e mais polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita lei.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, conforme o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Décimo quinta. *Resolución do convenio.*

Será causa de resolución do presente convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das obrigas contraídas e/ou cláusulas establecidas nel, así como o incumprimento da normativa vixente na materia, o que facultará outra parte para a resolución do mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos derivados, pero non así as obrigas inherentes, nin tampouco as actividades xa principiadas ao seu amparo, que continuarán ata a súa finalización.





Décimo sexta. Obriga de cumprimento dos compromisos.

En caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.

Décimo sétima. Cláusula final.

A sinatura do presente convenio non é óbice para o establecemento ou ampliación de relacións de colaboración no ámbito da mediación con outras entidades ou institucións, nin exclúe a sinatura de calquera outro convenio de similar natureza.

E en proba de conformidade con canto antecede, e para a debida constancia, asíñase o presente convenio de colaboración por quintuplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

POLA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
TURISMO

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Alfonso Rueda Valenzuela

Antonio López Díaz

POLO COLEXIO DE AVOGADOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Francisco José Rabuñal Mosquera

